

**ART. 9. IMPUGNACIÓN**

A presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida, potestativamente, nos termos e prazos previstos nos artigos 116 y 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou directamente, mediante a interposición de recurso contencioso administrativo (artigo 46 Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

O que se fai público, de conformidade cos artigos 11 da ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Gondomar (B.O.P. núm. 125 de 29.06.2012) e 78 do real decreto 1372/86 de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, poidendo os interesados presentar as súas solicitudes de autorización municipal para venda ambulante ou non sedentaria no mercado dos luns na oficina administrativa do Rexistro xeral municipal do Concello de Gondomar, sito na planta baixa da casa consistorial, praza Latino Salgueiro, s/n, en horario de 9.00 a 13.30 (nove a trece e trinta) horas de luns a venres e de 9.00 a 13.00 (nove a trece) horas os sábados, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P. de Pontevedra

Gondomar, a 13 de marzo de 2013.—O Alcalde-Presidente, Fernando Guitián Guitián. **2013002721**

\* \* \*

**O GROVE****EDICTO**

Óscar Parada Costa, solicitou licenza municipal de actividade para instalación e apertura dunha explotación equina especial (expte. núm. 02/12), que se situará no Lugar de Con de Loureiro (parroquia de San Martín). En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, a 22 de abril de 2013.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García. **2013004090**

\* \* \*

**A ILLA DE AROUSA****ANUNCIO**

Por acordo do Pleno de 02 de maio de 2013 aprobouse inicialmente o expediente de modificación presupuestaria 1/2013 por transferencia de créditos, o que en cumprimento do disposto no artigo 169 da Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse o público por quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións. A modificación entenderase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Na Illa de Arousa, a 03 de maio de 2013.—O Alcalde, José Manuel Vázquez Vázquez. **2013004352**

\* \* \*

**LALÍN****RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Visto o proceso selectivo que se está a tramitar para a cobertura de dúas prazas de Técnico de Administración Xeral, de conformidade co establecido nas bases sétima e oitava,